A CASA DA LECTURA

CENTRO DE ACTIVIDADES SOBRE O LIBRO E A LECTURA E BIBLIOTECA

Casa da Lectura
Nogueira 8, Donas
36388 Gondomar
http://blogsespazolectura.googlepages.com/home222322

A Casa da Lectura é unha pequena biblioteca e un centro de actividades en torno ao libro e á lectura xestionado por Espazo Lectura e ubicada no ámbito rural.

Inaugúrase o sábado 16 de maio de 2009. A orixe do proxecto está na transformación dunha pequena e antiga escola infantil en desuso, que foi rehabilitada grazas ao esforzo voluntario e desinteresado das persoas que colaboran coa asociación e asumiron a realización de todos os traballos de obra que a edificación requería.

En outubro de 2008, Espazo Lectura chegou a un acordo coa dirección do CEIP Souto-Donas, centro escolar do que depende a escola infantil en desuso e que na actualidade é unha entidade socia protectora da asociación, e co Concello de Gondomar, así como coa Consellería de Cultura, e puxo en marcha a recuperación dun espazo inutilizado, dotándoo para usos culturais e dando lugar a unha iniciativa que revertise no ben da comunidade. Por último, chegouse tamén a un acordo con catro editoriais galegas, que se fixeron socias protectoras de Espazo Lectura, e que nutren a biblioteca de novidades. As editorias son: Galaxia, Kalandraka, OQO e

Xerais. Ese acordo permítelle a asociación ofrecer unha biblioteca actualizada, que ofrecerá servicio de préstamo de libros, unha vez que estean todos catalogados.

A Casa da Lectura quere ser un espazo de promoción dos hábitos lectores e dinamización arredor do libro, polo que todos os mércores pola tarde se realizará alí unha actividade de fomento da lectura, que complementa a sesión do Contomar, contacontos que a asociación Espazo Lectura leva a cabo todos os luns na Biblioteca Municipal de Gondomar, fixando deste xeito unha programación estable que, partindo do asociacionismo, se singulariza pola súa dimensión e especialización.

Outro dos obxectivos da Casa da Lectura é servir de punto de encontro para todas as inciativas que teñan que ver co libro e coa lectura; así como constituírse en lugar de reunión para os grupos de traballo do ámbito do fomento da lectura.

Espazo Lectura

http://www.espazolectura.org
espazolectura@espazolectura.org
Contacto: 619.29.29.91